

Notable participación na folga de Atento na Coruña

A participación nos paros convocados pola **CGT** hoxe no centro de traballo de Atento na Coruña (simultáneos ós do resto de España) en protesta pola política de despedidos da empresa está sendo importante. Case o 50 % dos traballadores pararon no día de hoxe, tendo máis incidencia no turno da mañá e nos servizos 1004 e CAT-ADSL. O dato non é de desprezar, tendo en conta que a folga foi convocada unicamente por un sindicato.

Está previsto realizar unha folga de 24 horas en tódolos centros de traballo de Atento o próximo luns, 28, convocada tamén pola **CGT**.

Non pararemos ata a reincorporación dos nosos compañeiros e compañeiras.